


Brétemas

**Onte 1970: «Un home estraño» de Antonio Tizón,
presentación na Coruña**



Case un cento de persoas participaron onte no salón de actos da ONCE da Coruña na presentación d' [Un home estraño](#), segunda novela de [Antonio Tizón](#), obra gañadora do Premio de novela curta «Cidade centenaria de Riveira». Quedarei sempre coas palabras tan agarimosas coas que o alcalde Xulio Ferreiro lembrou a [Domingos Merino](#), o alcalde que retomou despois de corenta anos a lexitimidade democrática de [Alfredo Suárez Ferrín](#). Como tampouco será doado esquecer a emoción que se foi creando no salón durante a interpretación que o cantor [Miro Casabella](#), o bo amigo do tempo barcelonés de Agustín Fernández Paz, fixo d' «[O meu país](#)», canción coa que pechou un serán literaria e musical inesquecible.



Xaora, centrou o interese do público a intervención de Antonio Tizón que tras palabras de gratitude se referiu primeiro ao contexto histórico do período da Transición na Coruña, para despois reflexionar sobre a presenza da doenza dunha novela que confesou comezara a escribir hai corenta anos, como ao carácter do protagonista, o chamado como «un home estraño», un cantor rebelde, libre e salvaxe. Antonio insistiu en que a chamada Transición non foi nin moito menos unha etapa pacífica, pola contra «foi violenta e convulsa». Como tamén o fixo en que pretendeu desmitificar a visión romántica e prexuízosa da loucura: «eu pretendo en todas as miñas novelas normalizar a visión da doenza mental, que debe ser diagnósticada e tratada». Xustificou, ademais, que escollera o verán do ano 80 para desenvolver a obra porque foi entón cando se comezou a falar de trastorno bipolar e cando se negociou o Estatuto de Autonomía de Galicia, «unha época ilusionante, aínda que a sociedade logo acabara desencantada».